



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Número 344

VIII legislatura

29 de outubro de 2010

Fascículo 1

SUMARIO

(Versión electrónica en www.parlamentodegalicia.es)

1. Procedementos de natureza normativa

1.1 Leis e outras normas

1.1.1. Leis

— Lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e do seu financiamento, e outras medidas tributarias.

[107764](#)

1. Procedementos de natureza normativa

1.1 Leis e outras normas

1.1.1. Leis

O Parlamento de Galicia, na sesión plenaria do día 26 de outubro de 2010, aprobou por 38 votos a favor, 36 en contra e ningunha abstención, a Lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e do seu financiamento, e outras medidas tributarias.

O que se publica para xeral coñecemento.

Santiago de Compostela, 27 de outubro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Lei de medidas tributarias no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para a reactivación do mercado de vivendas, da súa rehabilitación e o seu financiamento, e outras medidas tributarias

Exposición de motivos

A actual crise económica ten como principais efectos unha caída da demanda e unha dificultade de acceso ao crédito, xa que esta crise se caracteriza por ter un importante compoñente financeiro. Esta situación provócalles unha meirande dificultade para o acceso a unha vivenda aos cidadáns. Asemade, e como consecuencia destes factores, o sector inmobiliario, que representa unha parte importante da economía e do emprego, está a sufrir en maior medida que outros sectores os efectos negativos desta recesión, e dentro do sector da construción estase a incrementar o desemprego de forma preocupante.

Para intentar contrarrestar estes efectos, o sector público debe adoptar medidas que contribúan a inxectar liquidez no mercado e a restaurar a confianza dos consumidores. Un instrumento importante de intervención do sector público na economía é a política fiscal. Como sinala o segundo parágrafo do artigo 2 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria: «Os tributos, ademais de seren medios para obter

os recursos necesarios para o sostemento dos gastos públicos, poderán servir como instrumentos da política económica xeral e atender a realización dos principios e fins contidos na Constitución.»

Nesta liña xa se aprobou a Lei galega 4/2009, do 20 de outubro, de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para o fomento do acceso á vivenda e á sucesión empresarial, que establece a redución dos tipos de gravame do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para as familias numerosas e os menores de trinta e seis anos, poñendo á disposición destes colectivos recursos co fin de facilitar o seu acceso á vivenda e ao crédito para ou seu financiamento, e ao mesmo tempo servir de estímulo para a reactivación do sector inmobiliario. Desde a entrada en vigor desa lei puxéronse de manifesto os seus efectos favorables, pois rexistrouse un incremento no número de adquisicións de vivendas polo colectivo ao que ía dirixida, por comparanza co mesmo período do ano anterior.

Co fin de incidir na liña iniciada coa Lei 4/2009, esta lei recolle, tamén con vixencia limitada, novas medidas fiscais para fomentar o acceso á vivenda, a súa rehabilitación e o seu financiamento. Estas medidas consisten na redución do tipo de gravame no imposto sobre actos xurídicos documentados nun 0,25 % para a primeira adquisición de vivenda habitual e para a constitución de préstamos hipotecarios para o seu financiamento, nunha redución dun 1 % do tipo de gravame no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas para a adquisición de vivendas usadas que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación e mais nunha dedución do 100 % da cota no imposto sobre actos xurídicos documentados para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual. Deste xeito lograrase reactivar tanto o mercado de vivendas coma o sector da rehabilitación, co conseguinte aumento das transaccións inmobiliarias, das contratacións de desempregados do sector da construción para os traballos de rehabilitación e, polo tanto, tamén dos ingresos impositivos derivados, tanto do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados coma do IVE.

Esta lei finaliza con dúas disposicións adicionais e catro derradeiras, nas que se recollen outras medidas tributarias co

propósito de mellorar a eficacia da Administración tributaria e de aumentar a seguranza xurídica. Así, unificanse nun só órgano, neste caso nos servizos de recadación, a competencia para acordar todos os supostos de aprazamentos e fraccionamentos previstos no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados; unifícase o prazo para a solicitude de aprazamentos ou fraccionamentos e o de presentación e ingreso no caso de autoliquidacións no imposto sobre sucesións e doazóns; unifícase o procedemento para a aplicación de presuncións no ámbito do imposto sobre sucesións e doazóns; modifícase para unha maior claridade a letra b) da alínea 2 do artigo 1 da citada Lei 4/2009 e, finalmente, habilitase o Goberno para elaborar no prazo máximo dun ano un texto refundido que recolla a normativa autonómica sobre os impostos cedidos, coa finalidade de eliminar a dispersión normativa existente e así contribuír a reforzar a seguranza xurídica.

As medidas enmárcanse dentro das competencias normativas que ás comunidades autónomas lles atribúen a Lei orgánica 8/1980, do 22 de setembro, de financiamento das comunidades autónomas, e a Lei 22/2009, do 18 de decembro, pola que se regula o sistema de financiamento das comunidades autónomas de réxime común e cidades con estatuto de autonomía e se modifican determinadas normas tributarias, respecto do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados. Esta última norma sinala non seu artigo 49, referido ao alcance das competencias normativas das comunidades autónomas, que estas poderán asumir competencias normativas sobre determinados tipos de gravame en relación coa modalidade 'Transmisións patrimoniais onerosas', entre outros no tipo de gravame na transmisión de bens inmoables, e en relación coa modalidade 'Actos xurídicos documentados' poderán regular o tipo de gravame e as deducións e bonificacións da cota dos documentos notariais.

Recadouse o ditame do Consello Económico e Social de Galicia.

Artigo 1. Tipo de gravame aplicable no imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, á primeira adquisición de vivenda habitual e á constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento

1. Nas primeiras copias de escrituras que documenten a primeira adquisición de vivenda habitual suxeita ao imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, ou na constitución de préstamos hipotecarios destinados ao seu financiamento, o tipo de gravame aplicable será do 0,50 %, sempre que a suma do patrimonio dos adquirentes para os que vaia constituír a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non supere a cifra de 250.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda do primeiro.

2. No caso de ter gozado da redución prevista no artigo 16 da Lei galega 9/2008, do 28 de xullo, de medidas tributarias en relación co imposto sobre sucesións e doazóns, os tipos reducidos aplicaráselle ao importe resultante de minorar a base liquidable na contía do importe da doazón.

3. No suposto de que varias persoas adquiran o inmovible e non se cumpran os requisitos sinalados anteriormente en todos os adquirentes, o tipo reducido aplicaráselle á parte proporcional da base liquidable correspondente á porcentaxe de participación na adquisición dos contribuíntes que si o cumpran.

4. A adquisición da vivenda deberase documentar en escritura pública, na que se fará constar expresamente a condición de primeira adquisición de vivenda habitual do adquirente.

5. Se a vivenda adquirida non chega a reunir os requisitos para ser habitual, deberase ingresar a cantidade derivada do beneficio fiscal xunto cos xuros de mora. Para estes efectos, o suxeito pasivo deberá practicar a correspondente autoliquidación e presentala no prazo de trinta días hábiles, contado desde o momento no que se incumpran os requisitos.

6. A valoración do patrimonio realizarase conforme as regras do imposto sobre o patrimonio referidas á data de adquisición do inmovible e incluírase este polo seu valor de adquisición e sen dedución das débedas asumidas nos supostos de adquisición con prezo aprazado ou financiamento alleo.

Artigo 2. Tipo de gravame aplicable no imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas á adquisición de vivenda que vaia ser obxecto de inmediata rehabilitación

1. No imposto sobre transmisións patrimoniais onerosas, o tipo de gravame aplicable á adquisición de vivendas que vaian ser obxecto de inmediata rehabilitación será do 6 %.

2. Para os efectos desta lei, son obras de rehabilitación de vivendas as que reúnan os requisitos establecidos no número 22.º.B) da alínea Un do artigo 20 da Lei 37/1992, do 28 de decembro, do imposto sobre o valor engadido, agás as obras destinadas á mellora e á adecuación de cerramentos, instalacións eléctricas, auga e climatización e protección contra incendios, que se considerarán como obras análogas.

3. Na escritura pública que documente a adquisición indicarse que a vivenda vai ser obxecto de inmediata rehabilitación. As obras de rehabilitación deberán ser rematadas nun prazo inferior a trinta e seis meses desde a data de devengo do imposto. Para estes efectos, no prazo dos trinta días posteriores á finalización dos trinta e seis meses, o suxeito pasivo deberá presentar perante a Administración tributaria a licenza de obras e as facturas derivadas da rehabilitación coa desagregación por partidas. O incumprimento desta obriga determinará a perda do dereito ao tipo reducido.

Artigo 3. Dedución do 100 % da cota do imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, para a constitución de préstamos hipotecarios destinados á cancelación doutros préstamos hipotecarios que foron destinados á adquisición de vivenda habitual

1. No imposto sobre actos xurídicos documentados, na súa modalidade de documentos notariais, aplicarase unha dedución do 100 % da cota, sempre que se cumpran os seguintes requisitos:

a) Que a operación se refira á constitución dun préstamo hipotecario.

b) Que a finalidade do préstamo sexa a cancelación doutro préstamo hipotecario destinado ao financiamento da adquisición dunha vivenda habitual.

2. No caso de que o novo préstamo hipotecario sexa dunha contía superior á necesaria para a cancelación total do préstamo anterior, a porcentaxe de dedución aplicarase exclusivamente sobre a porción de cota que resulte de lle aplicar a

aquela o resultado do cociente entre o principal pendente de cancelación e o principal do novo préstamo.

Artigo 4. Concepto de vivenda

Para os efectos desta lei, entenderase por vivenda a edificación destinada á residencia das persoas físicas, e por vivenda habitual aquela que reúna os requisitos establecidos na normativa reguladora do imposto sobre a renda das persoas físicas.

Disposición adicional primeira.— Aprazamentos e fraccionamentos no imposto sobre sucesións e doazóns e no imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados

Os órganos competentes para acordar os aprazamentos e os fraccionamentos aos que se refiren os artigos 38 de la Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, e 113 do Regulamento do imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados, aprobado polo Real decreto 828/1995, do 29 maio, serán aqueles que teñan atribuída a competencia para acordar os aprazamentos e os fraccionamentos previstos no Regulamento xeral de recadación. Estes aprazamentos e fraccionamentos deberán solicitarse no prazo de presentación da autoliquidación.

Disposición adicional segunda.— Procedemento para a aplicación de presuncións no imposto sobre sucesións e doazóns

O procedemento para a aplicación das presuncións sinaladas no artigo 11 da Lei 29/1987, do 18 de decembro, do imposto sobre sucesións e doazóns, será o establecido na alínea 3 do artigo 4 da mesma lei.

Disposición derradeira primeira.— Modificación da Lei 4/2009, do 20 de outubro, de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para o fomento do acceso á vivenda e á sucesión empresarial

Modifícase a letra b) da alínea 2 do artigo 1 da Lei 4/2009, do 20 de outubro, de medidas tributarias relativas ao imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados para o fomento do acceso á vivenda e á sucesión empresarial, que queda redactada como segue:

«b) No caso de menores de trinta e seis anos, a suma do patrimonio dos adquirentes para os que vaia constituir a súa vivenda habitual e, de ser o caso, dos demais membros das súas unidades familiares non superará a cifra de 250.000 euros, máis 30.000 euros adicionais por cada membro da unidade familiar que exceda do primeiro.»

Disposición derradeira segunda.— Leis de orzamentos
As leis de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia poderán modificar os beneficios fiscais previstos nesta norma e prorrogar o prazo de vixencia.

Disposición derradeira terceira.— Delegación lexislativa
O Goberno elaborará e aprobará, no prazo máximo dun ano a partir da entrada en vigor desta lei, un texto refundido que recolla a normativa autonómica sobre os tributos cedidos. A refundición inclúe a posibilidade de regularizar, aclarar e harmonizar os textos legais que sexan obxecto do texto refundido.

Disposición derradeira cuarta.— Entrada en vigor

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia* e terá vixencia deca o 31 de decembro do 2011, inclusive, agás as disposicións adicionais, que terán vixencia indefinida.

Santiago de Compostela, 26 de outubro de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

Ley de medidas tributarias en el impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados para la reactivación del mercado de viviendas, su rehabilitación y financiación, y otras medidas tributarias

Exposición de motivos

La actual crisis económica tiene como principales efectos una caída de la demanda y una dificultad de acceso al crédito, ya que la presente crisis se caracteriza por tener un importante componente financiero. Esta situación provoca una mayor dificultad para el acceso a una vivienda a los ciudadanos. A su vez, y a consecuencia de estos factores, el sector inmobiliario, que representa una parte importante de la

economía y el empleo, está sufriendo en mayor medida que otros sectores los efectos negativos de esta recesión, y dentro del sector de la construcción se está incrementando el desempleo de forma preocupante.

Para intentar contrarrestar estos efectos, el sector público ha de adoptar medidas que contribuyan a inyectar liquidez en el mercado y restaurar la confianza de los consumidores. Un instrumento importante de intervención del sector público en la economía es la política fiscal. Como señala el segundo párrafo del artículo 2 de la Ley 58/2003, de 17 de diciembre, general tributaria: «Los tributos, además de ser medios para obtener los recursos necesarios para el sostenimiento de los gastos públicos, podrán servir como instrumentos de la política económica general y atender a la realización de los principios y fines contenidos en la Constitución.»

En esta línea ya se aprobó la Ley gallega 4/2009, de 20 de octubre, de medidas tributarias relativas al impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados para el fomento del acceso a la vivienda y a la sucesión empresarial, que contempla la reducción de los tipos de gravamen del impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados para las familias numerosas y los menores de treinta y seis años, poniendo a disposición de estos colectivos recursos a fin de facilitar su acceso a la vivienda y al crédito para su financiación, y al mismo tiempo servir de estímulo para la reactivación del sector inmobiliario. Desde la entrada en vigor de esa ley se han puesto de manifiesto los efectos favorables de la misma, registrándose un incremento en el número de adquisiciones de viviendas por el colectivo al que iba dirigida, en comparación con el mismo periodo del año anterior.

A fin de incidir en la línea iniciada con la Ley 4/2009, la presente ley recoge, también con vigencia limitada, nuevas medidas fiscales para fomentar el acceso a la vivienda, su rehabilitación y financiación. Estas medidas consisten en la reducción del tipo de gravamen en el impuesto sobre actos jurídicos documentados en un 0,25 % para la primera adquisición de vivienda habitual y para la constitución de préstamos hipotecarios para su financiación, una reducción de un 1 % del tipo de gravamen en el impuesto sobre transmisiones patrimoniales onerosas para la adquisición de viviendas usadas que vayan a ser objeto de inmediata rehabilitación, y una deducción del 100 % de la cuota en el impuesto sobre

actos jurídicos documentados para la constitución de préstamos hipotecarios destinados a la cancelación de otros préstamos hipotecarios que fueron destinados a la adquisición de vivienda habitual. De esta manera se logrará reactivar tanto el mercado de viviendas como el sector de la rehabilitación, con el consiguiente aumento de las transacciones inmobiliarias, de las contrataciones de desempleados del sector de la construcción para los trabajos de rehabilitación y, por tanto, también de los ingresos impositivos derivados, tanto del impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados como del IVA.

Finaliza la presente ley con dos disposiciones adicionales y cuatro finales, en las cuales se recogen otras medidas tributarias con el propósito de mejorar la eficacia de la Administración tributaria y aumentar la seguridad jurídica. Así, se unifican en un solo órgano, en este caso en los servicios de recaudación, la competencia para acordar todos los supuestos de aplazamientos y fraccionamientos previstos en el impuesto sobre sucesiones y donaciones y en el impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados; se unifica el plazo para la solicitud de aplazamientos o fraccionamientos y el de presentación e ingreso en caso de autoliquidaciones en el impuesto sobre sucesiones y donaciones; se unifica el procedimiento para la aplicación de presunciones en el ámbito del impuesto sobre sucesiones y donaciones; se modifica para una mayor claridad la letra b) del apartado 2 del artículo 1 de la citada Ley 4/2009 y, finalmente, se habilita al Gobierno para elaborar en el plazo máximo de un año un texto refundido que recoja la normativa autonómica sobre los impuestos cedidos, en orden a eliminar la dispersión normativa existente y así contribuir a reforzar la seguridad jurídica.

Las medidas se enmarcan dentro de las competencias normativas que a las comunidades autónomas atribuyen la Ley orgánica 8/1980, de 22 de septiembre, de financiación de las comunidades autónomas, y la Ley 22/2009, de 18 de diciembre, por la que se regula el sistema de financiación de las comunidades autónomas de régimen común y ciudades con estatuto de autonomía y se modifican determinadas normas tributarias, con respecto al impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados. Esta última norma señala en su artículo 49, referido al alcance de las competencias normativas de las comunidades autó-

nomas, que estas podrán asumir competencias normativas sobre determinados tipos de gravamen con relación a la modalidad 'Transmisiones patrimoniales onerosas', entre otros en el tipo de gravamen en la transmisión de bienes inmuebles, y con relación a la modalidad 'Actos jurídicos documentados' podrán regular el tipo de gravamen y las deducciones y bonificaciones de la cuota de los documentos notariales.

Se ha recabado el dictamen del Consejo Económico y Social de Galicia.

Artículo 1. Tipo de gravamen aplicable en el impuesto sobre actos jurídicos documentados, en su modalidad de documentos notariales, a la primera adquisición de vivienda habitual y la constitución de préstamos hipotecarios destinados a su financiación

1. En las primeras copias de escrituras que documenten la primera adquisición de vivienda habitual sujeta al impuesto sobre actos jurídicos documentados, en su modalidad de documentos notariales, o la constitución de préstamos hipotecarios destinados a su financiación, el tipo de gravamen aplicable será del 0,50 %, siempre que la suma del patrimonio de los adquirentes para los que vaya a constituir su vivienda habitual y, en su caso, de los demás miembros de sus unidades familiares no sobrepase la cifra de 250.000 euros, más 30.000 euros adicionales por cada miembro de la unidad familiar que exceda del primero.

2. En caso de haber disfrutado de la reducción prevista en el artículo 16 de la Ley gallega 9/2008, de 28 de julio, de medidas tributarias en relación con el impuesto sobre sucesiones y donaciones, los tipos reducidos serán de aplicación al importe resultante de aminorar la base liquidable en la cuantía del importe de la donación.

3. En el supuesto de que se adquiera el inmueble por varias personas y no se cumplan los requisitos señalados anteriormente en todos los adquirentes, el tipo reducido se aplicará a la parte proporcional de la base liquidable correspondiente al porcentaje de participación en la adquisición de los contribuyentes que sí lo cumplan.

4. La adquisición de vivienda habrá de documentarse en escritura pública, en la cual se hará constar expresamente la

condición de primeira adquisición de vivenda habitual del adquirente.

5. Si la vivienda adquirida no alcanza a reunir los requisitos para ser habitual, deberá ingresarse la cantidad derivada del beneficio fiscal junto con los intereses de demora. A estos efectos, el sujeto pasivo habrá de practicarse la correspondiente autoliquidación y presentarla en el plazo de treinta días hábiles a contar desde el momento en que se incumplan los requisitos.

6. La valoración del patrimonio se realizará conforme a las reglas del impuesto sobre el patrimonio referidas a la fecha de adquisición del inmueble, incluyendo el mismo por su valor de adquisición y sin deducción de las deudas asumidas en los supuestos de adquisición con precio aplazado o financiación ajena.

Artículo 2. Tipo de gravamen aplicable en el impuesto sobre transmisiones patrimoniales onerosas a la adquisición de vivienda que vaya a ser objeto de inmediata rehabilitación

1. En el impuesto sobre transmisiones patrimoniales onerosas, el tipo de gravamen aplicable a la adquisición de viviendas que vayan a ser objeto de inmediata rehabilitación será del 6 %.

2. A los efectos de la presente ley, son obras de rehabilitación de viviendas las que reúnan los requisitos establecidos en el número 22.º.B) del apartado Uno del artículo 20 de la Ley 37/1992, de 28 de diciembre, del impuesto sobre el valor añadido, excepto las obras destinadas a la mejora y adecuación de cierres, instalaciones eléctricas, agua y climatización y protección contra incendios, que se considerarán como obras análogas.

3. En la escritura pública que documente la adquisición se indicará que la vivienda va a ser objeto de inmediata rehabilitación. Las obras de rehabilitación deberán ser terminadas en un plazo inferior a treinta y seis meses desde la fecha de devengo del impuesto. A estos efectos, en el plazo de los treinta días posteriores a la finalización de los treinta y seis meses, el sujeto pasivo habrá de presentar ante la Administración tributaria la licencia de obras y las facturas derivadas de la rehabilitación con desglose por partidas. El incumplimiento de esta obligación determinará la pérdida del derecho al tipo reducido.

Artículo 3. Deducción del 100 % de la cuota del impuesto sobre actos jurídicos documentados, en su modalidad de documentos notariales, para la constitución de préstamos hipotecarios destinados a la cancelación de otros préstamos hipotecarios que fueron destinados a la adquisición de vivienda habitual

1. En el impuesto sobre actos jurídicos documentados, en su modalidad de documentos notariales, se aplicará una deducción del 100 % de la cuota, siempre que se cumplan los requisitos siguientes:

a) Que la operación se refiera a la constitución de un préstamo hipotecario.

b) Que la finalidad del préstamo sea la cancelación de otro préstamo hipotecario destinado a la financiación de la adquisición de una vivienda habitual.

2. En caso de que el nuevo préstamo hipotecario sea de una cuantía superior a la necesaria para la cancelación total del préstamo anterior, el porcentaje de deducción se aplicará exclusivamente sobre la porción de cuota que resulte de aplicarle a la misma el resultado del cociente entre el principal pendiente de cancelación y el principal del nuevo préstamo.

Artículo 4. Concepto de vivienda

A los efectos de la presente ley, se entenderá por vivienda la edificación destinada a la residencia de las personas físicas, y por vivienda habitual aquella que reúna los requisitos establecidos en la normativa reguladora del impuesto sobre la renta de las personas físicas.

Disposición adicional primera.— Aplazamientos y fraccionamientos en el impuesto sobre sucesiones y donaciones y en el impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados

Los órganos competentes para acordar los aplazamientos y fraccionamientos a que se refieren los artículos 38 de la Ley 29/1987, de 18 de diciembre, del impuesto sobre sucesiones y donaciones, y 113 del Reglamento del impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados, aprobado por Real decreto 828/1995, de 29 mayo, serán aquellos que tengan atribuida la competencia para acordar

los aplazamientos y fraccionamientos previstos en el Reglamento general de recaudación. Estos aplazamientos y fraccionamientos deberán solicitarse en el plazo de presentación de la autoliquidación.

Disposición adicional segunda.— Procedimiento para la aplicación de presunciones en el impuesto sobre sucesiones y donaciones

El procedimiento para la aplicación de las presunciones señaladas en el artículo 11 de la Ley 29/1987, de 18 de diciembre, del impuesto sobre sucesiones y donaciones, será el establecido en el apartado 3 del artículo 4 de la misma ley.

Disposición final primera.— Modificación de la Ley 4/2009, de 20 de octubre, de medidas tributarias relativas al impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados para el fomento del acceso a la vivienda y a la sucesión empresarial

Se modifica la letra b) del apartado 2 del artículo 1 de la Ley 4/2009, de 20 de octubre, de medidas tributarias relativas al impuesto sobre transmisiones patrimoniales y actos jurídicos documentados para el fomento del acceso a la vivienda y a la sucesión empresarial, la cual queda redactada como sigue:

«En caso de menores de treinta y seis años, la suma del patrimonio de los adquirentes para los que vaya a constituir su vivienda habitual y, en su caso, de los demás miembros de sus unidades familiares no sobrepasará la cifra de 250.000

euros, más 30.000 euros adicionales por cada miembro de la unidad familiar que exceda del primero.»

Disposición final segunda.— Leyes de presupuestos

Las leyes de presupuestos generales de la Comunidad Autónoma de Galicia podrán modificar los beneficios fiscales previstos en esta norma y prorrogar el plazo de vigencia.

Disposición final tercera.— Delegación legislativa

El Gobierno elaborará y aprobará, en el plazo máximo de un año a partir de la entrada en vigor de la presente ley, un texto refundido que recoja la normativa autonómica sobre los tributos cedidos. La refundición incluye la posibilidad de regularizar, aclarar y armonizar los textos legales que sean objeto del texto refundido.

Disposición final cuarta.— Entrada en vigor

La presente ley entrará en vigor el día siguiente al de su publicación en el *Diario Oficial de Galicia* y tendrá vigencia hasta el 31 de diciembre del 2011, inclusive, salvo las disposiciones adicionales, las cuales tendrán vigencia indefinida.

Santiago de Compostela, 26 de octubre de 2010

Pilar Rojo Noguera
Presidenta

BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA
ESTRUTURA

1. PROCEDEMENTOS DE NATUREZA NORMATIVA
 - 1.1 LEIS E OUTRAS NORMAS
 - 1.2 PROXECTOS E PROPOSICIÓNS DE LEI
 - 1.3 OUTRAS PROPOSTAS DE NORMAS
 2. PROCEDEMENTOS ESPECIAIS DE CARÁCTER INSTITUCIONAL
 - 2.1 INVESTIDURA
 - 2.2 MOCIÓN DE CENSURA
 - 2.3 CUESTIÓN DE CONFIANZA
 3. PROCEDEMENTOS DE CONTROL E IMPULSO
 - 3.1 CONTROL SOBRE AS DISPOSICIÓNS DA XUNTA CON FORZA DE LEI
 - 3.2 COMUNICACIÓNS DA XUNTA DE GALICIA
 - 3.3 EXAME DE PROGRAMAS E PLANS
 - 3.4 ACORDOS, RESOLUCIÓNS OU PROPOSTAS DE COMISIÓNS ESPECIAIS OU DE INVESTIGACIÓN
 - 3.5 MOCIÓNS
 - 3.6 PROPOSICIÓNS NON DE LEI
 - 3.6.1 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN PLENO
 - 3.6.2 PROPOSICIÓNS NON DE LEI EN COMISIÓN
 - 3.7 OUTRAS PROPOSTAS DE RESOLUCIÓN
 - 3.8 PROCEDEMENTOS DE CONTROL ECONÓMICO E ORZAMENTARIO
 4. PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN
 - 4.1 SOLICITUDES DE COMPARECENCIA
 - 4.2 INTERPELACIÓNS
 - 4.3 PREGUNTAS
 - 4.4 RESPOSTAS A PREGUNTAS
 - 4.5 SOLICITUDES DE DATOS, INFORMES E DOCUMENTOS
 5. PROCEDEMENTOS RELATIVOS A OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 - 5.1 SOLICITUDE AO GOBERNO DO ESTADO DA ADOPCIÓN DE PROXECTOS DE LEI
 - 5.2 PROCEDEMENTOS RELACIONADOS CO TRIBUNAL CONSTITUCIONAL
 - 5.3 VALEDOR DO POBO
 - 5.4 CONSELLO DE CONTAS
 - 5.5 OUTRAS INSTITUCIÓNS E ÓRGANOS
 6. ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS E PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 - 6.1 SENADORES EN REPRESENTACIÓN DA COMUNIDADE AUTÓNOMA
 - 6.2 VALEDOR DO POBO E VICEVALEDORES
 - 6.3 CONSELLEIROS DE CONTAS
 - 6.4 TERNA PARA A PROVISIÓN DE VACANTES DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTIZA DE GALICIA
 - 6.5 VOGAIS DA XUNTA ELECTORAL DE GALICIA
 - 6.6 MEMBROS DO CONSELLO DE ADMINISTRACIÓN DA COMPAÑÍA DE RADIO-TELEVISIÓN DE GALICIA
 - 6.7 MEMBROS DO CONSELLO ASESOR DE RADIO-TELEVISIÓN ESPAÑOLA EN GALICIA
 - 6.8 VOGAIS DOS CONSELLOS SOCIAIS DAS UNIVERSIDADES DE GALICIA
 - 6.9 VOGAIS DO CONSELLO DE BIBLIOTECAS
 - 6.10 DELEGACIÓN PARA A DEFENSA DE PROPOSICIÓNS DE LEI DO PARLAMENTO DE GALICIA NO CONGRESO
 - 6.11 OUTRAS ELECCIÓN, DESIGNACIÓNS OU PROPOSTAS DE NOMEAMENTO
 7. COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO, RÉXIME E GOBERNO INTERIOR, ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO
 - 7.1 COMPOSICIÓN DO PARLAMENTO E OS SEUS ÓRGANOS
 - 7.2 RÉXIME E GOBERNO INTERIOR
 - 7.3 ORGANIZACIÓN E FUNCIONAMENTO DO PARLAMENTO
 8. ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 - 8.1 ORGANIZACIÓN E NORMAS DE FUNCIONAMENTO DOS SERVIZOS
 - 8.2 PERSOAL
 - 8.3 ACTIVIDADES DA ADMINISTRACIÓN PARLAMENTARIA
 9. INFORMACIÓNS E CORRECCIÓNS DE ERROS
 - 9.1 INFORMACIÓNS
 - 9.2 CORRECCIÓNS DE ERROS
-



BOLETÍN OFICIAL DO PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións: Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela. Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727